

Sorpresa no Pasatempo de Betanzos: Aparece unha lauda sepulcral do s. XV

ALFREDO ERIAS*

Os traballos da Escola Taller Pasatempo adoitan descubrir cousas agochadas e, polo tanto, xa estamos acostumados a unha certa sorpresa cotiá. Ademais, moitas desas cousas xa eran máis ou menos coñecidas: penso, por exemplo, nos sarcófagos de época románica (quizais viñeron de Espenuca) que se atopan en certas galerías subterráneas. Pero o que constituíu unha sorpresa absoluta foi o achádego no mes de novembro de 1996 dunha lauda sepulcral granítica na zona suloriental do campo que hai fronte á parede que ten o relevo do Canal de Panamá, á beira da muralla que pecha o parque polo Sul.

Estaba case a flor de terra, pero, claro, non se podía sospeitar nada porque a cubría unha capa de herba. ¿E que facía alí? Pois non estaba para ser amosada, polo que parece: simplemente cumpría a función de servir de teito a parte dunha das numerosas galerías subterráneas.

Está esculpida en baixorrelevo e a disposición xeral dos seus elementos constitutivos son comúns a moitas outras xa coñecidas: un listel exterior frontal por onde corre unha lenda alusiva ó finado, e un campo simbólico interior.

Como ocorre con frecuencia nestes casos, a erosión da pedra complica as cousas á hora de interpretar a lenda. Empeza co clásico «AQ(u)I : IAS :». Despois dunha primeira lectura apresurada, considero agora seguro que o nome do individuo é «GUNÇALVO RODRIGES», pero non fun capaz de ler que oficio tiña ou algunha outra especificación, «... A». Sabemos en cambio cando morreu porque se le ben: «Q(u)E FINOU : ERA : DE : MCCCC ANOS». Se efectivamente se trata da *era de 1500*, lévanos ó ano 1462, que é unha data semellante a moitas laudas de San Francisco da Coruña (aínda que alí nun contexto social burgués artesanal). A utilización da era hispánica para datar xa non é moi frecuente, pero aínda pode verse en documentos da época: na cidade é a primeira vez que a atopamos en epigrafía.



*Alfredo Erias Martínez é director do Arquivo e Biblioteca Municipais de Betanzos, así como do Museo das Mariñas e do Anuario Brigantino.



No chan de S. Francisco de Betanzos hai unha lauda parecida (*Anuario Brigantino* 1986, p. 92) que D. Xosé Antón García deu como do s. XIV, pero a pesar da dificultade da súa lectura, eu creo que se trata do ano 1482, porque 1382 que sería a outra posibilidade non me parece moi acorde co estilo xeral

Polo tanto, penso que a nosa lauda do Pasatempo se debe datar no 1462, por máis que manteña arcaísmos como o da era hispánica ou mesmo algunhas letras, particularmente a «M», que en Betanzos ten un paralelo nunha pedra reutilizada (quizais do s. XII) no exterior dun contraforte do ábside da igrexa de Santiago.

Naturalmente, queda a pregunta de cal foi a orixe desta lauda. Non hai unha resposta definitiva, pero é lóxico pensar que proceda do chan do desaparecido mosteiro de San Francisco de Betanzos, destruído nos anos 70 do s. XIX, ou mesmo do cemiterio que había diante da porta principal da igrexa do dito mosteiro. Entraría moi ben neste contexto porque o campo simbólico corresponde ó dun personaxe da nobreza, un cabaleiro que amosa como símbolos persoais a espada e o escudo (dos Rodríguez), sen esquecer o can fiel, tan ensalzado polo cabaleiro e gran cazador, Fernán Pérez de Andrade, casado en primeiras nupcias con Sancha Rodríguez.

A lauda xa está no Museo das Mariñas.

